
Mercado laboral galego 2020



Confederación Intersindical Galega

www.cig.gal

MERCADO LABORAL GALEGO

(Ano 2020)

A profundidade da crise económica derivada da pandemia ten un claro reflexo no mercado laboral. A maioría dos indicadores sofren fortes retrocesos, e albíscanse cambios estruturais moi preocupantes, que poden facer retrotraernos, nalgún caso, a tempos remotos.

Non só se produciu unha perda moi importante de postos de traballo, a pesar da nada desprezable cantidade de poboación que se mantivo nun ERTE durante parte do ano, senón que a poboación activa continuou descendendo, e apréciase un retroceso importante na situación da muller ante o mercado de traballo.

Estes son cambios cuantitativos, e polo tanto medibles, pero os cualitativos, os que fan referencia á calidade e ás características do emprego, tamén resultan bastante perceptibles.

O teletraballo, unha forma ata o de agora case residual de emprego, chegou a acoller o preto do 18% da poboación ocupada galega no segundo trimestre do ano, e en moitos casos continuou ao longo do ano.

As compras *on line* medraron exponencialmente, o que contribuíu á desaparición de moitos empregos no comercio, incrementándose outras actividades como repartidores, etc. E nada fai pensar que isto vaia desaparecer, máis ben ao contrario. O que probablemente mude van ser non só as relacións laborais de moitas persoas traballadoras, senón a propia idiosincrasia das cidades.

En Galiza, así mesmo, esta crise sanitaria con efectos económicos, está convivindo cunha importante crise industrial que nada ten que ver coa pandemia, e estase asistindo a un peche dun número importante de empresas o futuro cales está en cuestión neste momentos.

Imos comezar por unha visión xeral.

A análise das principais variables básicas do mercado de traballo xa nos dá unha primeira visión da magnitude da crise.

Principais variables				Variación 2019/2020	
	2009	2019	2020	Absoluta	%
Total	2.407,00	2.335,30	2.339,00	3,70	0,2
Activos	1.319,50	1.241,10	1.220,90	-20,20	-1,6
Poboación ocupada	1.155,40	1.095,20	1.074,20	-21,00	-1,9
Poboación parada	164,1	145,9	146,7	0,80	0,5
Inactivos	1.087,50	1.094,20	1.118,10	23,90	2,2

Fonte: IGE. EPA

Os efectos da crise sobre a ocupación foron devastadores. Así, de media no ano descendeu a poboación ocupada en 21.000 persoas. Hai que se retrotraer ao ano 2012/2013 para atopar perdas de emprego desta magnitude.

Pero tan grave, ou máis que a perda de poboación ocupada, é a perda de poboación activa. Nun ano tan convulso coma este, a perda de emprego podería ser “aceptable” se fose acompañada dun incremento da poboación parada, nun ano coas características do 2020, pero non foi o caso. O paro incluso descendeu (as persoas traballadoras suxeitas a un ERTE non se contabilizan como paradas) e, de feito, a estimación é de 800 persoas paradas menos que no ano 2019, o que implica que a poboación que perdeu o emprego non se mantivo no mercado de traballo –como parada-, senón que pasou a inactiva. A poboación activa baixou en termos semellantes á ocupada.

Este transvasamento de poboación activa a inactiva ten un claro nesgo de xénero. Foron as mulleres maioritariamente as que perderon o emprego (o 76%) durante 2020, entre as que descendeu a poboación activa e medrou a inactiva. Esta evolución ten outro compoñente negativo: a maioría das novas inactivas pasan a formar parte do colectivo de labores do fogar, é dicir, abandonan o traballo para se faceren cargo da casa.

O feito de que durante o segundo trimestre, por causa do confinamento da poboación, non se puidese buscar emprego (condición indispensable para ser considerado parado/a segundo a EPA, e polo tanto algunhas persoas antes consideradas paradas pasaron a inactivas) pode explicar unha parte mínima desta tendencia, pero isto perde peso cando vemos que son as mulleres, na inmensa maioría, as afectadas.

A perda de poboación activa sitúa a taxa de actividade no 52,2%

En conxunto a poboación activa descendeu en 20.200 persoas de media no ano 2020. Este novo descenso sitúa a taxa de actividade no 52,2%; e hai que se retrotraer principios de século para atopar valores desta magnitude.

Neste último ano, o descenso afectou tanto a homes como a mulleres. Aínda entre a poboación masculina se viñan perdendo activos nos últimos anos, entre as mulleres a poboación activa incrementábase. De feito, desde a incorporación “masiva” da muller ao emprego asalariado, é a primeira vez que descende a poboación activa. No ano 2020

esta situouse no 57,1% entre os homes e no 47,7% entre as mulleres; no ano 2019 eran do 57,6% e o 49,1% respectivamente.

Evolución da poboación activa por idade

	Total			Variación 2019/2020	
	2009/III	2019	2020	Absoluta	%
Total	1.317,30	1.241,10	1.220,90	-20,20	-1,6
de 16 a 19 anos	21,1	8,4	7,1	-1,30	-15,5
de 20 a 24 anos	91,4	48,2	44,3	-3,90	-8,1
de 25 a 29 anos	160,9	98,2	93,8	-4,40	-4,5
de 30 a 34 anos	198,2	125,2	116,8	-8,40	-6,7
de 35 a 39 anos	186,6	165,8	156,2	-9,60	-5,8
de 40 a 44 anos	178,6	202,1	197,2	-4,90	-2,4
de 45 a 49 anos	159,9	187,4	186,9	-0,50	-0,3
de 50 a 54 anos	137,7	170	169,4	-0,60	-0,4
de 55 a 59 anos	105,2	138,3	142	3,70	2,7
de 60 a 64 anos	62,4	82	89,7	7,70	9,4
de 65 e máis anos	15,3	15,5	17,4	1,90	12,3


Fonte: IGE. EPA

Ata os 55 anos, descendeu a poboación activa en todos os grupos de idade, agravando o segundo problema (o primeiro é a perda de activos e activas) que nos amosa este indicador: o envellecemento da poboación.

A poboación menor de 35 anos apenas representa o 21,4% do total da poboación activa, cando hai unha década representaba máis do 35%.

Para ter unha perspectiva do envellecemento da poboación, cómpre contemplar unha serie máis ampla. Desde o ano 2009, o envellecemento medrou exponencialmente. Repartindo a poboación entre menores e maiores de 40 anos, o gráfico é sobradamente ilustrativo.

Poboación activa por idade



Poboación ocupada.

A perda de poboación ocupada é o dato máis preocupante que nos deixou a pandemia, no que ao mercado laboral respecta. Foron 21.000 persoas as que quedaron sen emprego durante este último ano, con características moi heteroxéneas dependendo do sexo, sector, provincia, idade...

O 76 % do emprego destruído en 2020 foi entre as mulleres

Poboación ocupada segundo sexo. Datos en miles

	2009/III	Total		Variación 2019/2020	
		2019	2020	Absoluta	%
Total	1.156,20	1.095,20	1.074,20	-21,00	-1,9
Homes	633,1	573,9	569	-4,90	-0,9
Mulleres	523,1	521,2	505,3	-15,90	-3,1

Fonte: IGE. EPA

Sen dúbida, as mulleres foron as grandes prexudicadas desta crise provocada pola pandemia. O 76% do emprego perdido este último ano foi feminino, coa agravante que comentabamos no apartado anterior: maioritariamente pasaron a formar parte da poboación inactiva, e dentro desta como labores do fogar.

O emprego entre as mulleres descendeu un 3,1% no período; entre os homes a perda de emprego foi do 0,9%, isto é, 4.900 homes menos e 15.900 mulleres menos.

O descenso da ocupación tampouco foi homoxéneo segundo as idades. A poboación máis nova foi a que se viu máis prexudicada.

Foi entre as persoas máis novas onde máis emprego se perdeu.

Poboación ocupada por idade.

	Total			Variación 2019/2020	
	2009/III	2019	2020	Absoluta	%
Total	1.156,20	1.095,20	1.074,20	-21,00	-1,9
De 16 a 24 anos	77,7	40,8	34,4	-6,40	-15,7
De 25 a 34 anos	308,8	190,8	173,9	-16,90	-8,9
De 35 a 44 anos	329,3	329,4	317,7	-11,70	-3,6
De 45 a 54 anos	271,7	321,5	321,3	-0,20	-0,1
De 55 e máis anos	168,7	212,6	226,9	14,30	6,7

Fonte: IGE. EPA

As persoas con menos de 45 anos foron as realmente prexudicadas pola perda de emprego; a partir desta idade mantívose o emprego; incluso se incrementou entre as maiores de 55 anos.

Talvez, a alta temporalidade do mercado de traballo galego explique, en parte, esta evolución. A duración dos contratos é tan escasa, e a rotación do emprego tan elevada -maior canto máis nova é a poboación-, que moitas empresas optaron polo despedimento á espera de tempos mellores, e non por se acolleren ao amparo dun ERTE, que implicaba certas obrigas que non estaban dispostas a asumir.

Sexa por unha ou outra razón, ao que asistimos é a un agravamento do envellecemento da poboación ocupada en Galiza. No ano 2020 apenas o 19,3% desta poboación tiña menos de 35 anos; no ano 2019 representaba o 21,1%. Mais unha década antes a poboación ocupada menor de 35 anos era o 33% do total.

Así mesmo, segundo a rama de actividade onde se traballara no ano 2020, os efectos da crise foron moi desiguais.

Foi na hostalaría onde máis baixo a ocupación.

Poboación ocupada por ramas de actividade. Datos en miles

	Total			Variación 2019/2020	
	2009/III	2019	2020	Absoluta	%
Total	1.156,20	1.095,20	1.074,20	-21,00	-1,9
Agricultura e pesca	95,4	66,7	69,1	2,40	3,6
Agricultura	71,6	49,9	49,4	-0,50	-1,0
Pesca e acuicultura	23,8	16,8	19,7	2,90	17,3
Industria	189,5	179,4	182,4	3,00	1,7

Industrias extractivas	5,7	4,4	4,5	0,10	2,3
Industria manufactureira	172,2	164,8	165,7	0,90	0,5
Ind da alimentación	38,9	41,8	41,7	-0,10	-0,2
Industria téxtil	17,2	12,5	8,5	-4,00	-32,0
Industria da madeira	22,9	17,1	18	0,90	5,3
Prod metálicos, electrónicos	28,8	32,4	32,2	-0,20	-0,6
Material de transporte	39,6	39,1	41,5	2,40	6,1
Resto da industria manufactureira	24,7	21,9	23,7	1,80	8,2
Enerxía, auga	11,6	10,1	12,2	2,10	20,8
Construción	119	70,1	75,1	5,00	7,1
Construción	119	70,1	75,1	5,00	7,1
Servizos	752,4	778,9	747,7	-31,20	-4,0
Comercio	193,6	170,4	161,5	-8,90	-5,2
Transporte	47,5	47,9	47,2	-0,70	-1,5
Hostalaría (55, 56)	70,5	81,9	71,2	-10,70	-13,1
Act información, financeiras	136	152,4	144,1	-8,30	-5,4
Información e comunicacións	21,6	28	25,8	-2,20	-7,9
Actividades inmobiliarias	28,6	22,4	22,5	0,10	0,4
Actividades profesionais	44,9	55,9	51,2	-4,70	-8,4
Actividades administrativas	40,9	46	44,6	-1,40	-3,0
Administración pública	78,9	69,9	69,1	-0,80	-1,1
Educación	66,6	69,3	72,6	3,30	4,8
Act sanitarias e de servizos sociais	81,4	105,3	105,9	0,60	0,6
Resto de servizos	77,9	81,8	76	-5,80	-7,1
Actividades artísticas	18,5	23,3	18,8	-4,50	-19,3
Resto de servizos (94-99)	59,4	58,6	57,2	-1,40	-2,4

Fonte: IGE. EPA

O sector servizos é o gran prexudicado da crise. Só na hostalaría se perderon o 50% do total dos empregos destruídos (10.700 empregos); se a isto se engade a redución no comercio (8.900 empregos) e actividades financeiras (8.300), temos o groso das perdas producidas durante o ano 2020. Tamén as actividades artísticas sufriron un forte revés, con 4.500 empregos menos. Unicamente en educación aumentou o emprego de maneira substancial, cuns 3.300 novos empregos.

O resto dos sectores económicos (sector primario, industria e construción) remataron o ano con incrementos netos de emprego, aínda que con certas diferenzas segundo a rama de actividade.

No sector primario medrou a ocupación un 3,6% (2.400 postos de traballo máis), todos eles pertencentes ao sector pesqueiro.

Na construción estímase 5.000 empregos máis que en 2019.

O sector industrial no seu conxunto acolleu 3.000 novos empregados e empregadas no ano 2020, pero con diferenzas importantes segundas distintas ramas que o conforman. O téxtil, así como a fabricación de produtos metálicos e electrónicas, tiveron un comportamento negativo; de feito, no téxtil perdéronse uns 4.000 empregos, o que equivale ao 32% do total, mentres que en fabricación de produtos metálicos a caída foi dun 0,6%.

A rama de material de transporte foi, dentro do sector industrial, o que mellor soportou a situación económica durante o ano 202; de feito, acabou o ano con 2.400 persoas ocupadas máis que en 2019. Tamén medrou a ocupación no sector enerxético e noutras industrias manufactureiras.

O 97% do emprego destruído foi na provincia da Coruña

Poboación ocupada segundo provincia. Datos en miles.

	Total			Variación 2019/2020	
	2009/III	2019	2020	Absoluta	%
Galiza	1.156,20	1.095,20	1.074,20	-21,00	-1,9
A Coruña	489,7	476,9	456,6	-20,30	-4,3
Lugo	144,5	134,7	134,5	-0,20	-0,1
Ourense	125,6	111,9	112,8	0,90	0,8
Pontevedra	396,4	371,7	370,4	-1,30	-0,3

Fonte: IGE. EPA

Sen dúbida, a provincia da Coruña foi onde máis se cebou a destrución de emprego neste último ano; como dixemos antes, preto do 97% dos empregos que se perderon foron nesta provincia. Pola contra, na provincia de Ourense mesmo aumentou a ocupación.

Por ramas de actividade a evolución é moi semellante en todas as provincias: comercio e hostalaría encabezan o este *ranking* negativo. Con todo, na industria manufactureira no caso da Coruña a ocupación descende máis dun 6%, feito que non ocorre nas outras provincias.

Só se creou emprego no sector público no ano 2020.

O incremento da ocupación no sector público, con 7.800 persoas máis que en 2019, sostivo lixeiramente o emprego nun ano onde o resto das situacións profesionais sufriron un serio revés.

Persoas ocupadas por situación profesional.

	2009/III	Total		Variación 2019/2020	
		2019	2020	Absoluta	%
Total	1.156,20	1.095,20	1.074,20	-21,00	-1,9
Empresario/a con asalariados/as	81,2	65,7	63,4	-2,30	-3,5
Traballador/a independente ou empresario/a sen asalariados/as	152,7	143,6	135,9	-7,70	-5,4
Asalariado/a do sector público	198,3	187,4	195,2	7,80	4,2
Asalariado/a do sector privado	707,4	691	673,4	-17,60	-2,5
Axuda na empresa ou negocio familiar	15,2	5,5	4,5	-1,00	-18,2
Outros/as	1,4	2	1,9	-0,10	-5,0

Fonte: IGE. EPA

En termos absolutos, a maior caída da ocupación padecérona as persoas asalariadas do sector privado, cun descenso de 17.600 ocupadas. En termos relativos equivale a un descenso do 2,5%; ao contrario do que ocorrera no ano 2019, que fora a categoría profesional que máis emprego creara.

Os empresarios/as, tanto con ou sen persoas asalariadas, descenderon fortemente durante este último ano; especialmente os empresarios/as sen asalariados/as ou persoa autónoma, entre os que a caída foi do 5,4%, cuns 7.700 empregos menos desta profesión. Tamén entre os/as que teñen persoas asalariadas ao seu cargo o descenso foi importante, dun 3,5%.

A contratación de persoal asalariado no sector público, moi ligado ás necesidades da pandemia e non a un cambio estratéxico, limitou unha caída maior do emprego das persoas incluídas desta categoría.

Persoas asalariadas segundo tipo de contrato. Datos en miles

	2009/III	2019	2020	Variación 2019/2020	
	Total	Total	Total	Absoluta	%
Total	905,7	878,3	868,6	-9,70	-1,1
Contrato indefinido	658,5	645,8	659,9	14,10	2,2
Contrato temporal	247,2	232,5	208,7	-23,80	-10,2
Taxa de temporalidade	27,3	26,5	24,0		

Fonte: IGE. EPA

O aumento da contratación no sector público, xuntamente con que un número importante de empresas se acolleron a ERTE, e que as persoas protexidas por un ERTE se consideran ocupadas, sostiveron a caída do emprego asalariado en 9.700 persoas.

O paraugas dos ERTE non protexeu por igual a todos os traballadores/as. De feito, moitas empresas optaron antes por despedir as persoas con contrato temporal, para así evadir os condicionantes que supuña esta medida. De aí, a caída dos empregos entre asalariadas/os con contrato temporal, o que baixou a taxa de temporalidade do 26,5 ao 24%.

Entre a poboación con contrato indefinido, aumentou o número de persoas ocupadas.

A maior perda de emprego deuse entre persoas con contrato temporal e xornada parcial.

Se ao contrato temporal lle engadimos unha xornada parcial, temos o cóctel perfecto de precariedade; e nesa poboación asalariada (temporal a tempo parcial) foi onde se perdeu máis emprego.

Poboación asalariada por tipo de contrato e xornada.

	Total			Variación 2019/2020	
	2009/III	2019	2020	Absoluta	%
Total					
Total	905,7	878,3	868,6	-9,70	-1,1
Contrato indefinido	658,5	645,8	659,9	14,10	2,2
Contrato temporal	247,2	232,5	208,7	-23,80	-10,2
Completa					
Total	808,3	740,4	743,7	3,30	0,4
Contrato indefinido	605,9	570,9	582,9	12,00	2,1
Contrato temporal	202,4	169,5	160,7	-8,80	-5,2
Parcial					
Total	97,4	138	124,9	-13,10	-9,5
Contrato indefinido	52,7	75	76,9	1,90	2,5
Contrato temporal	44,7	63	48	-15,00	-23,8

Fonte: IGE. EPA.

A destrución de emprego tivo que ver co tipo de contrato. A xornada non parece ser un indicador a ter en conta, xa que se reduciu o emprego tanto en persoas con xornada completa como con parcial; o nexo de unión era, polo tanto, o contrato temporal.

Maioritariamente, a maior desfeita da ocupación produciuse entre as persoas con contrato temporal e con xornada parcial, as máis precarias do mercado de traballo. Unha característica moi común da hostalaría, entre outras actividades.

Despedir ou non renovar o contrato ás persoas con contrato temporal é fácil, tendo en conta a elevada porcentaxe destas, cuxo contrato ten, ademais, unha duración moi escasa.

Para o 52% das persoas asalariadas, que saben a duración do contrato, esta é inferior aos 6 meses.

Poboación asalariadas con contrato temporal, segundo a duración do contrato.

	Total			Variación 2019/2020	
	2009/III	2019	2020	Absoluta	%
Total	247,2	232,5	208,7	-23,80	-10,2
1 día	1,7	2,1	1,3	-0,80	-38,1
De 2 días a menos de 1 mes	6,7	8,3	6,5	-1,80	-21,7
De 1 a 3 meses	40,1	24,7	21,7	-3,00	-12,1
De 4 a 6 meses	47,5	34,8	29	-5,80	-16,7
De 7 a 11 meses	13	14,6	12,1	-2,50	-17,1
De 1 ano a menos de 2 anos	30,3	25,3	24,8	-0,50	-2,0
De 2 anos a menos de 3 anos	6,7	3,8	3,4	-0,40	-10,5
3 anos ou máis	8,2	7,5	7,2	-0,30	-4,0
Non sabe pero menos de 1 mes	0,1	3,6	1,9	-1,70	-47,2
Non sabe pero máis de 1 mes	64,1	98,6	95,7	-2,90	-2,9
Non sabe a duración	28,7	9,3	5	-4,30	-46,2

Fonte: IGE. EPA.

Se temos en conta que preto do 50% das persoas asalariadas non saben a duración do contrato, probablemente a porcentaxe de contratos inferiores a esta duración sexa moito maior.

Teletraballo

Esta situación anómala que vivimos durante o 2020 impuxo outras modalidades de emprego, que ata o de agora eran residuais, pero que nalgún momento do ano chegaron a ser importantes; falamos do teletraballo.

Persoas que teletraballaron.

	2020/II	2020/III	2020/IV
Total	1.050,40	1.082,60	1.080,90
Ocasionalmente	35,5	54	59
Máis da metade dos días que traballou	145	85,3	70,3
Ningún día	855,8	936,3	943,8
Non sabe	14,1	7	7,8
% teletraballando	17,2	12,9	12,0

Fonte: IGE. EPA.

No segundo trimestre do ano, que coincidiu co maior confinamento da poboación, o número de persoas traballando desde o domicilio chegou a máis do 17% do poboación ocupada en Galiza. A partir de aquí, descendeu ao 12%, pero aí se mantén. Polo que parece, moito deste tipo de traballo veu para quedar.

Expedientes de regulación temporal de emprego (ERTE) por COVID-19

Outra novidade que trouxo a pandemia foi a figura dos ERTE por COVID-19.

O confinamento da poboación decretado pola pandemia, que levou ao peche total ou parcial de numerosas actividades económicas ao longo do ano 2020, obrigou á creación desta figura, para dalgunha forma protexer, aínda que con moitos interrogantes, a poboación traballadora que se viu obrigada a deixar de traballar.

Non é moita a información que temos destes datos no ámbito de Galiza, xa que a propia Xunta hai meses que non facilita esta información, polo que os datos acumulados desde o mes de abril das persoas afectadas ofrecen só unha lixeira idea da dimensión do problema.

ERTEs COVID-19. Datos acumulados de abril a decembro.

	Suspensión de emprego	Desemprego parcial	Total	Persoas asalariadas	% en ERTE
A Coruña	111.639	22.821	134.460	373.400	36,01
Lugo	22.958	3.048	26.006	98.600	26,38
Ourense	31.129	3.872	35.001	88.900	39,37
Pontevedra	101.660	12.717	114.377	307.700	37,17
Galiza	267.386	42.458	309.844	868.600	35,67

Fonte: SEPE. Prestacións por desemprego.

Foron 309.844 as persoas asalariadas que, desde abril a decembro de 2020, estiveron acollidas a un ERTE destas características, nalgún momento do ano.

A modalidade máis utilizada foi a suspensión de contratos (82,6%), acolléndose ao desemprego parcial o restante 17,4%.

Foi na provincia de Ourense onde unha maior proporción de persoas asalariadas se viron afectadas por un ERTE no ano 2020, un 39,37% do total, aínda que en termos absolutos a máis afectada foi a provincia da Coruña.


A provincia da Coruña non só foi na que máis emprego se perdeu, senón a que tamén comprende o maior número de persoas afectadas por ERTE.

Contratos

Contratos segundo duración.

	2008	2010	2011	2013	2014	2016	2018	2019	2020
Contratos iniciais	752.516	653.072	646.286	684.507	764.116	915.628	1.039.025	1.042.935	716.513
De duración indefinida	46.423	32.460	28.479	31.520	39.712	42.737	55.496	47.269	36.100
Temporais	706.093	620.612	617.807	652.987	724.404	872.891	983.529	995.666	680.413
Conversiones a indf	41.654	27.552	25.163	22.271	22.077	28.486	43.101	43.186	32.704
Total contratos	794.170	680.624	671.449	706.778	786.193	944.114	1.082.126	1.086.121	749.217

Fonte: SEPE.



Como se aprecia nos cadros anteriores, a redución da contratación foi moi importante neste último ano. Inscibíronse un 31% menos de contratos no Servizo de Emprego Público en Galiza durante 2020 respecto ao ano 2019, algo totalmente lóxico tendo en conta a paralización da meirande parte da actividade económica durante bastantes meses do ano. Pero aínda así, o número de contratos rexistrados foi elevado, 749.217 entre indefinidos, temporais e convertidos en indefinidos. Desda cifra de contratos, os de carácter temporal representan o 95%.

Así e todo, a porcentaxe de temporais caeu lixeiramente con respecto ao ano 2019, xa que a redución de contratos temporais -como se aprecia no gráfico- foi superior á de indefinidos. En calquera caso, ambas as modalidades rexistran un descenso.

A pesar desta evolución, da forte caída do emprego asalariado temporal en 2020, a rotación deste mantívose alta: 3,2 contratos por persoa con contrato temporal, aínda que é certo que en 2019 esa rotación fora do 4,2%.

Contratos segundo duración

	2.020	
Total	728.139	
Indefinidos	37.571	% / Temporais
Temporais	690.568	100
Menos de 1 semana	182.148	26,4
De 1 semana a 1 mes	99.894	14,5
De 1 a 6 meses	134.165	19,4
De 6 meses a 1 ano	18.242	2,6
Máis de 1 ano	1.798	0,3
Indeterminado	254.321	36,8

Fonte: SEPE.

Do total de contratos iniciais que se rexistraron ao longo do ano 2020, é dicir, sen ter en conta os convertidos a indefinidos, o 95% inscribiuse baixo algunha das modalidades de contratos temporais en vigor. Dentro destes, un 41% tiveron unha duración inferior ao mes e un 26,4%, inferior a semana.

O 41% dos contratos inscritos en 2020 en Galiza duraron menos de 1 mes.

Se ampliamos o abano ata os 6 meses, estarían incluídos o 60% de todos os contratos inscritos.

Con todo, non se debe esquecer que dunha parte importante, o 36,8%, non se coñece a súa duración no momento de inscribirse; se esta se souberse, con toda seguridade aumentaría a porcentaxe dos de menos duración.

A fragmentación do mercado de traballo en Galiza é alarmante. Unha parte moi importante da poboación asalariada entre e sae continuamente do mercado de traballo, con contratos de moi escasa duración, sen ningunha estabilidade laboral, condenada a unha precariedade total e en mans da arbitrariedade das empresas ao abeiro da lexislación existente.

Ingresos salariais

A precaria situación do mercado laboral en Galiza, cunha parte importante da poboación asalariada que entra e sae continuamente do devandito mercado de traballo, ten un efecto directo nos ingresos da poboación asalariada. Para analizarmos, isto utilizamos os datos que nos proporciona a Axencia Tributaria no estudo *Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias*.

Ao seren datos do ano 2019, non podemos analizar a influencia da pandemia nos ingresos da poboación asalariada, pero aínda así consideramos importante facilitar os últimos publicados, xa que, á marxe da nova situación vivida durante 2020, son clarificadores da situación económica da clase traballadora, e serven de base para cando dispoñamos da información salarial do ano 2020.

No ano 2019, a retribución anual media aumentou ata os 19.879 euros brutos anuais, desde os 19.158 euros do ano 2018. Este medre, dun 3,7%, débese en parte ao incremento que neste ano experimentou o SMI, que pasou de 735,90 euros mensuais a 900 euros.

Este incremento lévanos a que, na comparativa do 2019 a respecto a 2018, sexa máis interesante analizar en que tramo de ingresos se sitúa a poboación asalariada que a propia análise do medre do salario medio anual (SMA). De feito, apréciase un desprazamento da poboación asalariada cara ao nivel máis baixo de ingresos.

Como síntese, podemos dicir que aumentou a poboación asalariada con ingresos inferiores a 1,5 veces o SMI. A partir deste nivel de ingresos, prodúcese un descenso da poboación asalariada en todos e cada un dos tramos.

En 2019 o 34% da poboación asalariada galega tivo ingresos inferiores ao SMI; en 2018 era o 30%.

No seguinte cadro ofrécese estes datos, así como a comparativa co ano 2009 (ano da anterior crise), xa que unha serie máis ampla dá unha idea máis precisa do medre das desigualdades.


Persoas asalariadas e Salario medio anual (SMA) por tramos de salario, en función do SMI.

Tramos de salario	SMA						Evolución 19/09			
	2009		2018		2019		Asal		SMA	
	Asa	SMA	Asal	SMA	Asal	SMA	Absoluta	%	Absoluta	%
Total	1.092.731	18.217	1.045.522	19.159	1.056.283	19.876	- 36.448	- 3,3	1.659	9,1
De 0 a 0,5 SMI	158.709	1.947	172.823	2.174	187.633	2.681	28.924	18,2	734	37,7
De 0,5 a 1 SMI	131.733	6.597	140.778	7.804	175.984	9.595	44.251	33,6	2.998	45,4
De 1 a 1,5 SMI	159.154	11.055	180.861	12.995	254.424	15.761	95.270	59,9	4.706	42,6
De 1,5 a 2 SMI	206.880	15.305	192.076	17.886	172.399	21.704	- 34.481	- 16,7	6.399	41,8

De 2 a 2,5 SMI	131.141	19.443	116.391	22.883	86.756	28.096	- 44.385	- 33,8	8.653	44,5
De 2,5 a 3 SMI	82.188	23.841	69.932	28.266	68.358	34.411	-13.830	- 16,8	10.570	44,3
De 3 a 3,5 SMI	57.605	28.317	57.660	33.274	41.591	40.761	-16.014	- 27,8	12.444	43,9
De 3,5 a 4 SMI	42.870	32.624	36.913	38.573	23.987	46.845	-18.883	- 44,0	14.221	43,6
De 4 a 4,5 SMI	34.144	37.074	24.321	43.614	13.138	53.539	- 21.006	- 61,5	16.465	44,4
De 4,5 a 5 SMI	27.641	41.335	14.103	48.763	9.060	59.655	-18.581	- 67,2	18.320	44,3
De 5 a 7,5 SMI	42.838	51.579	29.475	61.324	17.687	74.463	-25.151	- 58,7	22.884	44,4
De 7,5 a 10 SMI	11.459	74.444	6.594	87.043	3.109	106.332	- 8.350	- 72,9	31.888	42,8
Más de 10 SMI	6.068	129.633	3.595	182.051	2.157	258.179	- 3.911	- 64,5	128.546	99,2

Fonte: Axencia Tributaria. *Mercado de traballo e pensións nas fontes tributarias 2009, 2018 e 2019*

Variación porcentual 2009-2019 de poboación asalariada e SMA.



O gráfico resulta moi ilustrativo e amosa con precisión o importante medre das desigualdades neste último decenio. A liña azul (evolución da variación da poboación asalariada) descende fortemente a medida que aumentan os ingresos medios anuais.

A variación dos ingresos salariais medios dos distintos tramos é bastante homoxénea xa que está limitada polos propios intervalos do SMI, co cal, se medran máis ca este, sáltase de tramo. E isto é así, ata máis de 10 veces o SMI, que xa non ten límite por arriba. De feito, é neste tramo onde se aprecia o medre máis importante, preto dun 100% na última década.

O que si se produce é unha forte redución da poboación asalariada, maior canto maiores son os ingresos. Por iso é polo que o gráfico ten forma de tesoura aberta, producíndose a maior apertura no tramo de maiores ingresos. Neste tramo, aínda que os ingresos medios medraron un 99%, o número de persoas asalariadas que pertencen a el descendeu un 64,5%.


Só aumentou a poboación asalariada nos tramos de menores ingresos, ata 1,5 veces o SMI. A partir de aquí, en todos e cada un dos intervalos hai menos persoas declarantes á Axencia Tributaria que hai unha década. O medre das desigualdades e a perda de poder adquisitivo dunha parte importante dos asalariados e asalariadas galegas é patente en vista destes datos.

No ano 2009 os ingresos dunha persoa asalariada do tramo máis alto da táboa (máis de 10 veces o SMI) equivalían a 66 veces os dunha asalariada do tramo inferior (menos da metade do SMI). Dez anos despois, a diferenza é de 1 a 96, 30 puntos máis.

Así, os datos de distribución da poboación asalariada no ano 2019 podemos resumilos como segue:

- O 17,7% das persoas asalariadas en Galiza no ano 2019 acadou uns ingresos brutos anuais de como máximo a metade do SMI, o que equivale a un máximo de 2.681 euros ao ano. No ano 2009, a poboación encadrada neste intervalo era o 14,4% do total.
- O 34,4% da poboación asalariada obtivo uns ingresos inferiores ao SMI. No ano 2009 o grupo de poboación aquí encadrada era o 26,5%.
- Pola contra, no intervalo de maiores ingresos, descendeu a poboación asalariada dende o 0,5% do total en 2009 ao 0,2% en 2019. Os ingresos medios deste reducido grupo de poboación privilexiada superou os 258.179 euros no ano 2019.

No gráfico seguinte apréciase como moita nitidez este medre das desigualdades.



Só ata ingresos inferiores a 1,5% veces o SMI, hai máis persoas asalariadas das que había en 2009. A partir deste tramo de ingresos, as caídas son apreciables e moi destacadas. De feito, nalgún tramo de ingresos, a poboación asalariada redúcese máis da metade.

O 58,5% da poboación asalariada reparte o 29,5% da masa salarial.

Esta tendencia, importante medre das desigualdades entre a clase traballadora, incrementouse fortemente no último ano, 2019. As persoas de ingresos inferiores á metade do SMI pasaron de ser o 16,5% ao 17,7% (1,2 puntos máis). O grupo con salarios inferiores ao SMI pasou do 29,9% en 2018 ao 34,4% en 2019. No lado oposto, reduciuse do 0,3% ao 0,2% o grupo de maiores ingresos. Globalmente, no último ano medrou a poboación asalariada un 1% e os ingresos brutos medios un 3,7%.

Poboación parada

Para medir a poboación parada existen dúas fontes estatísticas: a EPA e o paro rexistrado no SEPE. Cada unha delas con metodoloxía distinta, e polo tanto con resultados diferentes.

En ningunha delas están incluídas as persoas que durante o último ano estiveron acollidas a un ERTE por COVID- 19. Estas persoas foron en todo momento consideradas ocupadas, aínda que si aparecen como beneficiarias de prestación por desemprego no SEPE.

Esta “anomalía” impide calcular as taxas de cobertura por desemprego neste ano, xa que, ao non apareceren como paradas pero si como perceptoras de prestación, incrementan moito a taxa de cobertura, o que non permite distinguir que persoas están paradas e cales acollidas a un ERTE, polo que este ano non se vai facer referencias ás taxas de cobertura neste informe.

O feito de estarmos durante un tempo confinadas nos nosos domicilios, e polo tanto sen capacidade de realizar xestións, algunha delas imprescindibles para a consideración de persoas paradas –buscar emprego activamente, como esixe a EPA-, levou a que descendese o paro artificialmente, sobre todo no segundo trimestre do ano. Como para esta análise se utilizan medias anuais, este feito ten un efecto directo sobre estas.

Con esas salvidades, a evolución da poboación parada foi como segue.

Poboación parada.

	2009/III	2019	2020	Variación 2019/2020	
	Galicia			Absoluta	%
Total	161,1	145,9	146,7	0,80	0,5
Homes	81,6	69,1	69,5	0,40	0,6
Mulleres	79,5	76,8	77,2	0,40	0,5

Fonte: IGE. EPA.

Como vemos, no relativo á poboación apenas houbo variación entre os anos 2019 e 2020, quedando as taxas de paro da seguinte maneira:

Taxa de paro segundo sexo.

	Taxa de paro	
	Total	Total
Total	11,8	12
Homes	10,7	10,9
Mulleres	12,8	13,2

Fonte: IGE. EPA.


Aquí tamén apenas houbo variación a pesar da desfeita que sufriu a economía neste último ano.

Pola súa parte, os datos do SEPE amosan unha tendencia moi semellante. Mes a mes, vese mellor como foi a evolución.

Os datos de paro rexistrado no SEPE son os seguintes.

	Total	
	2019	2020
Xaneiro	174.800	167.755
Febreiro	173.709	166.229
Marzo	170.841	174.481
Abril	166.226	191.629
Maio	160.805	191.082
Xuño	155.249	184.654
Xullo	150.921	175.311
Agosto	153.820	176.951
Setembro	156.984	176.574
Outubro	164.307	181.307
Novembro	165.659	187.472
Decembro	165.308	189.587

Fonte: SEPE



Ata marzo, había rexistradas menos persoas paradas que no mesmo mes do ano anterior. O cambio prodúcese precisamente nese mes de marzo. A partir de aquí en todos os meses se rexistran un número maior de persoas paradas que no homólogo do ano anterior, sen grandes alteracións na porcentaxe.

En resumo, cando aínda non acadaramos a situación previa á crise do 2009, esta nova crise non fixo máis que afondar na xa precaria situación que atravesaba a clase traballadora en Galiza. O descenso de 21.000 ocupados e ocupadas durante 2020 eleva a máis de 81.200 a perda de persoas ocupadas con respecto ao ano 2009. No caso das persoas paradas, como explicamos anteriormente, a crise xerada pola pandemia apenas ten incidencia polo momento. Aínda así, estímase que o número de parados/as é superior en 17.400 persoas respecto do ano 2009.

Á caída da poboación activa si que contribuíu fortemente o acontecido durante 2020, elevando esta caída, con respecto a 2009, a máis de 98.600 persoas.

Así, todo apunta a que os terribles efectos que a nova crise vai ter na clase traballadora van ser máis visibles durante este ano de 2021, cando tras os ERTE comecen os despedimentos, que nalgunhas actividade xa se está a producir.

E quen, sen dúbida, está a ser moi prexudicada é a muller. De feito, a volta ao fogar xa se detecta nas estatísticas e a caída da taxa de actividade feminina que se aprecia non ten precedentes, o que leva a pensar que talvez se produza un retroceso de décadas para as mulleres respecto da súa inserción do mercado de traballo.

Vigo, 8 de febreiro de 2021

Natividad López Gromaz

Gabinete Técnico Confederal.